




ALBION

MARIA MAQUIEIRA

do 31 de MARÇO - 01 de MAIO
016 de MAIO de 2023



María Maquieira (A Coruña, 1985) é unha artista de formación multidisciplinar que utiliza diversas técnicas e linguaxes como a colaxe, o debuxo, a pintura, a filosofía, a escritura e o pensamento como ferramentas; na súa obra aprécianse numerosas influencias, inspiracións e distintas percepcións do mundo procedentes dos seus estudos, estancias e residencias artísticas en países como Grecia, Italia e Polonia entre outros. México, Roma ou a illa de Creta, son algúns dos lugares que atravesan estas pezas. O resultado de todo ese proceso formativo é a capacidade artística de sintetizar o pensamento, expresalo, destilalo, a través dun trazo de gran delicadeza que, con todo, adquire unha gran forza no resultado final.

A presente exposición é un canto á imaxinación, un percorrido por varios dos seus proxectos e colaboracións nos que se evidencia o espírito libre e crítico desta creadora. Trátase dun conxunto de obras en pequeno formato, acorde co carácter nómada da artista, que se engrandecen ante o espectador proxectando un universo moi particular que o rodea por completo.

Albion, título desta mostra, é tamén o nome dun personaxe da mitoloxía de William Blake, precisamente quen representa a imaxinación como a vía máis importante para levar ao home á súa propia harmonización.

O percorrido componse de verdadeiros tratados filosóficos, experiencias das súas viaxes, visións abertas dunha sexualidade sen tabúes e retratos que confirman o seu virtuosismo técnico.

As reflexións acerca da imaxinación e as súas posibilidades expresivas son un dos motores da súa obra, e estas complementanse co onírico e con esa pausa vital na que Maquieira observa ao seu redor e fixa a mirada naquilo que concorda coas ideas que quere representar. As persoas, animais e obxectos plasmados nos seus debuxos van máis aló da propia representación. Conforman un ideario e unha mitoloxía propios da autora que se foron forxando durante a súa dilatada carreira. Todas as obras transmiten unha personalidade abrumadora, capaz de comunicar un amplo coñecemento da Historia da arte e de todas as correntes do pensamento, tanto clásicas como contemporáneas.

A beleza coa que Maquieira realiza os seus debuxos sublima a imaxinación a unha categoría estética que transcende o que ven os nosos ollos.

María von Touceda,
crítica e comisaria de arte contemporánea



www.mariamaquieira.com
@maria.maquieira

Centro
Torrente Ballester

FERROL

ALBION
MARÍA
MAQUIEIRA